


Núm. 76

Tomo 7."

rós

CARTILLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1º—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 >
Número solto	0'70 >

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

S U M A R I O

Cançón das lavandeiras (poesía), POR RICARDO CARBALLO.

Vidas non paralelas, POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos as verbas, POL-A REDAUCIÓN,

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII ★ Ourense 15 de Abril do 1930 ★ Núm. 76

CANÇÓN DAS LAVANDEIRAS

Pousados nas cordas os paniños movían as áas.
Eran un só pano que ó longo da corda voaba
como as ondas do mare son unha soa onda que avanza.
A dúo co regato as lavandeiras cantaban;
ó bater a roupa na pedra pingas saloucaban
e a canción das lavandeiras de auga se mollaba
i era coma auga fresca, e pura, e crara.
A mañá estaba chea toda de inxelezas de infanzia;
ofercía o seu corpo ó home como unha muller namorada.
O lonxano estaba preto, o ceo coa man se acadaba.
—En cada corda unha pomba equilibrista avançaba—.

N-un lecer do trafego, as lavandeiras, caladas.
N-a i-auga do regato a súa canción afogara.

Pra pescala, eu tendín esta lírica cana.

RICARDO CARBALLO

Do libro VIEIROS que será publicado axiña pola EDITORIAL NÓS



VIDAS NON PARALELAS

(NOVELO)

I

Rubiron us homes negros a buscal-a caixa. O grave cantar dos cregos rachou o silenzo acugulado de saloucos, afondado pol-o cair mansíño da chuvia. Alonxábase o entero. Apenas un trepar de xente sobr'as lousas da praza i-o longo desespero do obóe, e somentes quedaban a door, o silenzo e a chuvia.

Tres rapaces ibánse enfrentare c'a noite. A nova e descoñecida, xa en náda semellante ás longas e descansadas nas qu'o espaciano tocar da Berenguela trazaba calados circos vibradoiros. O loiro Rosende compraciase en contar as trinta e tres badeladas da yalba, trinta e tres latexos do paxaro do curazón, trinta e tres ás anxelicas batendo no aer bretemoso. Maxinaba o espertar das eirexas labregas purificando a luzada dabisosa i-o Pico Sagro erguéndose lanzal pra quentear a sua friaxe de seixo penitente c'o primeiro pano sedán do Sol. Tiña or'o Pau los o espertar un lixado brancor de tiza no negro da pizarra nas noxentas crases de matemáticas. O Xacobo non se sentia instalado na mañán hastra qu'o reló non facía o ángulo das once e s'ordecaba o mundo valeiro e angustioso das primeiras horas. Agora os tres rapaces sentianse perdidos n'unha gandra sin marcos, percorrida pol-o vento infindo e por crecedeiras sombras misteriosas, esculturadas na treboa, d'andar maino e temereso. Petaba nos vidros un torbón de vento e chuvia desfiada. A chuvia, o vento i-a noite sobr'a terra mol da coba. Pingotas de cera do velatorio nas táboas do piso, i-o

tabardo montesio pendurado diant'o leito xiado e valeiro. Os tres irmaos xuntáronse n'unha longa aperta com'a pra s'affirmare contra o vento qu'os guindaba costa abaxio igoal qu'as follas secas. Entrou o tio fatelo negro, tempas afundidas, mans cruzadas sobr'o pariaugas, consellos, lembranzas, a dureza da vida i-un programa d'homildeza. Nas primeiras noites alguén andaba pol-a casa. Soilo non s'astrevía a franquear a porta d'un coarto. Unha man acarifaba as testas dos mozos. Eles non rebulian, mais deseguida viña un soníño confiado.

As primeiras mañás indo pr'a misa a San Fiz de Solorio os rapaces non s'astrevían a olhar pr'a naicifía enloitada. Na casa ainda figuraba a mesma. Na rua e na eirexa era tan pouquiña cousa qu'as mulleres do mercado botábanlle olladas de lástema i-os círios puñanxe mais amarelos pr'alomear a morte dos otlos vidrosos. Unha serán chegou o tio pra levar os rapaces d'apaseo. Seguiron por camiños fondos e mollados entr'as outras paredes dos vellos hortos dos coengos. O Rosende non sabía afastar os ollos d'un toxal frotecido e seguía con lediza o fuxir d'auga sobr'un leito d'area e de cro-yos locidores; quixera mollar alí os pés despois de camiñar tod'o dia pol-as parroquias campesiñas coma os probes que demandan un recuncho quente nas palleiras. O Xacobe queimabaselle a gorxa c'as palabras que non quería falar o tio:—«Quero deixar ista vella cibdá. Vivir n'aldea ou millor n'un porto. Barcos ronselando a badía, bandeiras de consulados, traballo, inquietude».

Mais ¿qu'entenderia d'aquilo o señor enlevado, consiliario da Cofradía das Anemas, sabedor de todolos aforismos do Dereito Romano de Rosende? E calaban todos. Ben se decataba o tío como baixo aquil silenzo latexaban tres rebeldias diferentes. Na casa decialle à irmá:—«Moito vas a ter que rillar c'os fillos, probiña. Millor che fora non ter ningún. Entrarías de señora de piso ou vivirías comigo com'unha freira». A nai agardaba que se fora o home grave pra bicar os fillos. As veces considerabaos c'un orgullo violento. ¡O mundo sería pouco pra eles! Via o Rosende cavilando no claustro da Catedral c'a cruz de Sant-Iago na sotana. Soñabao misando no altar do Apóstolo. Cecais—Deus lle perdoaria ista ambición de nai—Bispo d'unha pequena e piadosa cibdade—Tui, Mondoñedo—presidindo, ledo e soridente, unha mañán do Abril, a procisión dos Ramos. Ela sería capás d'andar de xionlllos os camiños dos santuarios e de recibir a esmola dos tendeiros das estradas pra conseguir algo qu'apenas s'astrevía a soñare: todalas campás de Compostela voando a coro, todolos galteiros da Galiza tocando na Praza do Hospital, o Guardia nobre lendo o Breve, a birreta cardealicea roxa coma un corazón sobr'a frente do fillo que pasaba baixo a órbita do botafumeiro entre duas sebes de capas pluviales. A nai perdía o correr das doas do Rosario:—«I-esa fia de xente. Enchen a praza, risan, viñeron de lonxe, algúns con estrelas. Veñen a consultare c'o Xacobe, c'o millor médico de Sant-Iago. Sain os tolleitos curados, os nenos entrapallados, postementos, volvianse pequenos neños-dioses pol-o arte das mans do fillo. Falaban d'il as criadas na fonte, os señores nos pazos da Ruanova, os doutores mais sabidos das Facultades lonxanas. O Pauliños non tiña tanto espazo nas ambiciós da viuda. Era pouco dado ás letras, ordinario, basto-te. Facia na cociña todalas lamberetadas, e os rapaces do Istituto chamabanlle o sapo-concho, pol-o seu corpo grosso sobr'as pernas curtas e rexas de calcaterra. Raposeiro e disimulado era grande choutador de paredes. Il fora quen roubou os fermosos membrillos da horta dos frades de S. Francisco pol-o que seu pai tivoo castigado tres

días na boardilla. Dend'ali falaba c'o pobo xiróvago dos gatos e saia d'apaseio polos tellados verdecentes no inverno. Non buliria moito no mundo. Debullaba mal os estudos. A nai civilaba:—«Será bô pr'a coidar das terras. Casará c'unha fidalguía d'isas de moitas fanegas de renda e pazo con alci-prestes. Pai de muitos fillos bunitos e saos recibirá a bendición pascal na casa limpa com'unha estriga, c'a concencia seréa».

Volveron os rapaces ós estudos. O Rosende sentiu de novo a friaxe dos grandes pateos de S. Martiño e recadou a buxola qu'guiaba na néboa do latín escolástico. Rezaba diant'a estauta do seu santo, branca e lonxana, na entrada da Eirexa toda centileante d'ouros outonizos. Rezaba nos altares de S. Bleito e de Santa Escolástica i-ollando o sol noviño e o luar feituquiño que rubian entr'a grouma barroca dos retabros, soñaba c'o sol e a lua da parroquia aldeán qu'il rexentaria: a casa de baixos treitos avigados, o curro sempre mollado c'o pendello i-o carro baixo d'il; as meditaciós teoloxicas pasando pol-a eira, acarón dos disformes cabaceiros valeiros dend'a Desamortización; un paisaxe de chairas, de touzas asucadas pol-as quebradas onde se mesturaban os vicios e virtús do pobo aldeán. Quixerá ser como un monxe na eirexa secular, fuxir da etiqueta do pazo arcebispal e dos cabildeos dos coengos. Entr'os compañeiros tiña sona de raro i-hastra d'orguloso. Non bebia coiles o branco viño da Ulla e eles non entendían ren das historias que Rosende contaba de cando S. Pedro de Mezonzo, nos ermos de Curtis, entr'os lumes da guerra e o custante agrumar das cabezas da hydra da pagania, compuña e cantaba, c'o ritmo d'un psalterio anxélico as secuencias da «Salve Regina». O Pauliños, no derradeiro ano do Instituto, non adiantaba un chisco na crasicación dos inseutos mais roubando na Tafona un gato pra disecar, recibiu un cantazo e chegou cabo da nai todo entrapallado e sanguento. O Xacobe na crase d'Anatomía seguía o primeiro. Todo enloitado consideraba atentamente o morto mol, incomprendible, botado com'un naufrago na mesa do Anfiteatro. Mercaba libros de filosofía científica e ás veces ollando as procisiós enfia-

das pol-as ruas e facendo meandroś nas plazas, axordado pol-o cantar das torres, entrustecido pol-a homildade das hortas de Belvís estralaba en súpetas decramaciós contr'a cibidade-tumba, a ergueita pol-os séculos arredor d'un sepolcro e, c'unha angustia físeca queria fuxir c'as nubes, c'os barcos, pr'os portos do Atlántico, pro Novo Mundo sin tradiciós, sin cobas, sin leendas nin beatas. Entr'il i-o Rosende franqueabase unha falla no terreo psicolóxico. Dend'a morte do pai sentianse homes coma si no curto plazo d'unha lunación tiveran decorrido anos enteiros d'esprencia.

A casa non perdia o fedor de pechado, de roupas tinxidas de negro e d'ausenza sin remedio. Andábase por ela quedíñamente temendo espertar o sono do tabardo pendurado, das botas e do fusil de caza, dos mollos de cartas, das caixas de cigarros, nos retratos, gardados no caixón da mesa de despacho. Un día o Xacobe acendeu un d'aquiles grosos cigarros, mailos xogos do fume azul traguian taes lembranzas que coidandose un sacrilego, apagouno e gardou o cigarro queimado na caixa, c'os máis. Xa non viñan donas enloitadas a comparare c'a nai loitos e traballos de viudeza. Petaban outras xentes á porta con repicar urxente e indefrente, Primeiro os recibos da cofradía pol-o enterrro. Deseguida a botica, o médico, outros recibos que non admitían demora. Valeirábase o caixón dos cartos. A nai gardaba us billetes vellos nas follas do libriño de misa. Un día houbo gran consello baixo a presidencia do tío c'outros señores, algúns d'eles parentes apenas conocidos. Os fillos aduvianban un troque no seu vivir. Era preciso camiñar pr'a aldea. O Rosende e o Xacobe ficarian en Sant-Iago, n'unha pousadía dos Loureiros, encalcada, frente a unhas casas que tiñan un caris d'Hespidal, hastra o remate do curso. Despoixa, Deus disporía. Deslixose a casa. Privada dos mobles parecía pequenina e xa non-a reconecian com'a sua. A nai, c'o Paulos i-a criada, con dous carros de cousas, fórone en coche unha mañán pol-a carreteira enlamada cruzada por fatos de leiteiras. O Rosende e o Xacobo endreitaron o espiñazo e pecharon os puños, cada un ó seu estilo, pra loitar contr'a orfan-

dade. I-hastra gostaron o acedo prazer de se sentir homes no mundo.

II

O Provisor paseaba nervosamente pol-a cámara. Era un home esguio, ainda novo, d'ollar esculcante e verba precisa. Afeito a tratar c'os abades d'aldea i-a desantrimbilar os seus preitos e custiós, rexo defensor dos dreitos da Mitra no tribunal e nas relacións co Estado a cuios representantes trataba de potenza a potenza, sentiase desacudido, cousa estrana n'il. Temia a indulxenza do Cardeal xa velliño e moi outro home do que fora nas esgrevias loitas d'outrotemento c'a Revolución, temía o grande amor do Rector do Seminario pol-os seus estudantes. O Provisor consideraba n-aquil pecado de rebeldía un síntoma terrible. Pouca cousa si se tratar de mozas, de viño ou xogo: pecados da carne. Consecuencias da forte fisiología da raza mantida con porco i-afeita a pagania do viño. Agora era pecado do espírito. Chegou a hora e a porta franqueouse: anunciaron o estudiante Rosende Vilasantar e Sergude. O Provisor non-o coñecía: ficou un pouco admirado do lostrigar dos ollos en contraste c'a tranquia testa toda cuberta de rizos loiros. Comprendía escuramente estar diante d'un eisaltado. Mandouno sentar e faloulle poucas verbas. Era preciso someterse, faguer unha declaración pública dian'tos mestres i-estudantes, pedir perdón i-outefuer a grazia d'unha penitencia. Si non fora así, deseguida o anatema, a expulsión do Seminario e da Sociedade cristián.

Escoitaba o rapaz moi tranquilo. Sabia tod'aquilo de memoria. Pol-as flestras viése a fachada da Azabachería c'a estauta da Fé. Cando o ecengo parando de falar lle pedia resposta c'unha ollada o estudiante atacando dreito: — «S'a Vosa Señoría» dixo «me pode demostrar con probas históricas a verdade do sepulcro de Sant-Iago, está iste probe rápidamente disposto a todo. Aunarei a pan i-auga, agradecerei as penitencias que se me imponan. Namentras, eu non podo renunciar a miña fé.»

— «Chámalle fé, desgrazado, a isa van ensñación que lle soprou o tentador? Nhai

mais fé qu'a da Eirexa, a da infinda catolicidade que ó largo de tantos séculos adorou eiqui a beira nosa, o corpo do Apóstolo. Seu corpo verdadeiro qu'o miragre trouxo e o miragre descobriu, e o miragre garda na nosa Santa Basileca. Renunzo a darlle probas; hainas d'abondo e vosté, bó estudante, non debe preguntarmas a min» un silencio «¿Que pensa?»

—«Probas, ista miña fé, somentes pode ser destroida por probas verdadeiras. Non abonda a tradiceón nin o consenso, nin xiquer a vaga aprobación de Roma—»

—«Cale, cale» ruxiu o Provisor «Sinto en ise acento, que di Roma o acento infernal de Lutero.»

—«Non, miña señoría» dixo o rapaz inciñándose curtesmente, demasiado curtesmente. Non vaia por ise camiño desacreditado. Lutero, un grosso teutón amigo da cerveza e da esmorga teolóxica non me seduce ren. Xalle cantaron os funerales os estudiantes na taberna de Auerbach. {Lembrase, señor Provisor, d'a escea do Fausto?}

—«E logo» interrumpiu o coengo «si soilo se fia das probas cales son as que demostran a sua tesis extravagante? Como pode supoñer que tod'a humanidade adourara equivocadamente a reliquia do herexe Prisciliano?»

■N'iste punto abriuse a porta mainamente i-entrou un crego velliño: o Reitor do Seminario. Quedou asombrado e triste, sin falar verba. Os outros nin se decataron da sua presenza.

—«Xa que non me pode ofrecer unha demonstración» cramaba o estudiante estendendo os brazos, c'unha expresión estática «a loita fica redocida a unha fé contra outra fé. A da Eirexa contr'a miña. I-entre as duas, eu declaro afrontando as consecuencias, que prefiro a miña a que me foi revelada no fondo da i-alma, a qu'algún dia será acatada pol-a Galiza enteira—.»

O estudiante levado pol-a emoción xa dícia un gran discurso. Falou da creencia céltiga aliada e santificada no cristianismo pol-o xenio de Prisciliano. Lembrando a tragedia de Tréveris acusaba os bispos galegos que servos de Roma non quixeron reconhecer a verdade qu'o pobo escuramente sentía. A Galiza panteista tiña seu Apóstolo no

mártir decapitado, sua consagración no primeiro sangue con qu'a Eirexa intolerante lixou o chán da Europa. O Provisor acenaba pra deteñer aquila fervenza de palabras. De súpito o Rector do Seminario prantouse no meio da sala, fixo un saúdo ó Provisor i-axoennlado ós pés do estudiante Vilasantar falou:—«Meu fillo, ten piedade do teu probe mestre velliño. Ten piedá da Galiza, non'a lices co isa acusación noxenta, ten piedá da tua nai, ten piedá da tua alminha inocente dos pecados do corpo agora poseso por un demo d'orgullo. Eu son un probe crego d'aldea que o santo Cardeal chamou pra dirixir o Enseñío. Ogallá me non chamará! Mira, meu fillo, tod'o que falaches será esquenrido c'unha boa confisión eiquí, ós teus pés, os pés de tod'o mundo eu xuroche i-estou disposto a morrer por sostefielo, qu'o mundo adora na Catedral o corpo do fillo do Zebedeu. Ven fillo, ven recibir a benzón do Cardeal. A pas virá a tua yalma». O Provisor asombrado foi erguer autoritario o crego humillado. O Rosende sentiu bágoas nos ollos e unha longa rachadela no curazón, mais o machadazo de Tréveris resonouille na alma e unha romeria aldeán rubindo a un coto celta primaveiral cantigouille no espírito, e conteñéndose sin volver a vista atrás, saiu da sala. C'un cigarriño aceso baixando pol-o arco do Pazo sin ollar pr'a San Martiño cruzaba a Praza do Hospital, cando todal-as chamas do solpor bailaban no Obradoiro.

Chegado á pousada, cavilaba. Un apostolado. Pol-o pronto tiña un fato d'amigos. Pra non estar soilo, pra non cair na febreza do medo, foi a procuralos. Xuntábanse na casa d'un catedrático de Farmacia pouco había chegado a Compostela, gran químico, forte na orgánica, barbas foscas e novas, namorado da «Sozialdemocratie» e do Materialismo histórico. Había algúns esquirtores, algúns homes de formación materialista e dous ou tres rapaces noviños conqueridos pol-a elozenza do Rosendo Vilasantar. Todos se xuntaron pol-a necesidade de dar, no propio Sant-Iago, a batalla contr'a Eirexa. Un repetía o lema do Voltaire: «Ecrasons l'infame». Outro tiña tratos cos obreiros pra organizar un núcleo socialista. Os mais non

pasaban de liberales, un pouco retrasados, da esquerda, e puñan moito empeño en conseguir a secularización dos cemiterios. Isto facía rir o Rosende. Seu grupo, de dous ou tres rapaces, arelaban algo tan grande com'a rexurdir a doutrina de Priscilián pra facer o verdadeiro cisma d'Ocidente e volver ó mundo celta sua teoloxía, sua doutrina, e un poder d'esprito rayolante na historia. Dend'a morte do pai, iba pra tres anos, o Rosende non saira das Bribriotecas. Os mestres profetizan un grande teólogo. A nai, n'aldea, loitando con mil traballos, xa non coidaba soño valeiro aquila maximación do Cardenalato. O pensamento do Rosende viría n'outra luzada: estudaba pra qu'a lonxana luzada priscilianista se fixera na Galiza, e na Celtia, un mediodía trunfante. Choutaba dos Concilios, dos Santos Pais, dos Bollandos ós Románticos e a Renán pol-o que tiña de polifonia céltiga de roquedos e d'orixes, iste nome desprezado e segredamente envexado no Seminario. Teimaba con algúns rapaces en iniciar un apostolado. A impresa era xigantesca. Nada menos que refacer a Historia. Todolos días rezaba, cediño, dian'ta tumba. Sentia a presenza espirtoal arrodeando c'unha luz de verdade a reliquia do mártir. E sin ofendere a Sant-Iago mandáballe unha oración ó seu sepulcro desconocido. Os discípulos eran dous: un rapaz de boa xente, o Bernaldo Portocelos, estudiante de Dreito, e un fidalgo arousán que non dubidaba descendere do Mariño do miragre das cunchas, e que no Priscilianismo aduvianaba unha Doutrina de ledo panteísmo. O Rosendo estudaba os Gnosticos con apaixonado esforzo procurando refacere a teoloxía do Mártir de Treveris. Pol-o pronto tiña un camiño d'abondo pra chegar ó curazón da xente; as leendas do agro galego. Nelás latexaba pol-o menos a carne do priscilianismo, eran a relixión esterior pr'a xente. Mais adiante refaríase o pensamento do Mestre. A grande relixiosidade do Rosendo feríase dend'os primeiros dias c'o enxoito materialismo dos socialistas e ceibe pensadores da reunión. O profesor de Química Orgánica tratouno de tolo, os outros non entendían rén d'aquil barullo teolóxico. O Bernaldo non aprobou o proiecto de xornal

todo dirixido contr'a Eirexa e a tradición. Non se xuntaron mais. Os tres amigos resolvieron, chegando o vrán, facer unha propaganda pol-a veiramar galega. Dinantes quixo o Rosende saudar á naicifa. Foi d'a pé, polos atallos, falando nas portas c'as vellas, escouitando vidas de santos e leendas de donas encantadas nos castros. Tod'a Galiza panteísta, gnosteca, misteriosa, figuraba recibir o seu apostol salvador na frolicente primaveira. Teimaba dicir o novo Evanxeo á nai. Ela comprendería, o recibiría con leizada. Chegando a vista da casa arrodeada d'eidos a bravo, un voar de negros corvos pasaba d'un enxoito piñeiral ós calvos pendidos d'un coto coroado pol-a ermida devota da bisbarra. A porta da casa non se quixo franquear ó herexe. Sabía todo a doce naicifa. Hastra se lle figurou ó Rosende ouvila saloucar, aló, dentro, na sale. O irmán Paulos, ollaba, azorrado, por'unha fiestra e fixolle siñal de que se fose. Voltou desfeito e triste o Rosende; fixo a metade do camiño no carro d'us arrieros do Ribeiro que falaban barbaridás dos cregos e das amas. Xa non puido aturar a gravidade de Compostela. As veces figurabáselle que todolos bichos disformes das basas da Groria andaban co il, qu'era seu pastor, e qu'a xente s'afastaba d'eles con medo. Foi un instante: ergueu a testa e peiteou c'a man os loiros cabelos rebeldes. A mesma noite n'un coche de cabalos o Vilasantar, o Portocelos i-o Mariño sairon nas tebras molladas pr'a ría d'Arousa, ó pazo do Mariño. Ali, o quieto tremelocir das augas foi pr'o magoado espirto do Rosende un baño de orixes cósmicos, un esquecemento da paixón sofrida e por sofrir, unha garantía do trunfo». Pois «cavilaba deitado na loira playa» a Galiza com'a toda Céltiga sofre d'un afastamento de Deus. Reina un catolicismo román e semítico non propio d'istas terras de miragre. Virá a nova luzada. Galiza redimida pol-o cristianismo, pol-o seu cristianismo. Entón, ista paisaxe, falará as verbas qu'hoxe non podemos comprender». O mariño, fidalgo rexo e franco mantería ó Rosende tod'a vida. Deixabase levar pol-a apaixonada verba do reformador, propúxolle viviren todos xuntos no pazo. Il era viudo; soilo tiña unha

filla, Anxelina, de simbólico nome, ollos coor de mar no dia do San Xohan, un andar levián, coma si fora sobras augas cecais lembranza dos orixes mitolóxicos de caste, unha paixón pol-o descoñecido qu'a levaba lonxe das rapazas do seu rango. Ela non estimaba ren o señorío de Vilagarcía nin os armadores da Pobla. O pai presentándolle ó Rosende dicíalle: —Ista será nosa profetisa». O Rosende, seguindo ó mestre que puña as donas nomes de frotes e de pedras preciosas de escolleito simbolismo baptizou á Anxelina: Galaxia. Ela sería o albescente vieiro da redención. Mail-o ser dinámico do Apóstolo non ademitía folgos espaciados. Sabia qu'o seu irmán tratába de tolo, qu'en Sant-Iago dispúñanse a persegui-lo. Do Xacobo afastába dende noviño unha longa gandra d'opinión. Il, tiña confianza na xente da veiramar e da montaña, mais dinantes acordou dirixirse ós sabios da Galiza. Arqueólogos, historiadores, poetas, terían un ensoño pra criara nova «Cidade de Deus» a nova Galiza dando ó mundo a fórmula salvadora. O Rosende, cavilaba dispuñer un corpo, unha eirexa d'escolleitos pra logo ir espallando a Doutrina n'unha ergueita propaganda pol-a penitencia i-a predicación. Unha comunidade pura en cada terra galega. Cultos mañanceiros e despoixa c'o tempo, pouquiño a pouco a nova liturxia da misa. Rosende tiña chea fé como en canto chegara a doutrina ó curazón do pobo o río da historia volvería ledamente ó seu val verdadeiro. Il, non arelaba ningunha dinidade, agás d'unha outa, subrime; o martirio. Seu sangue misturado c'o sangue da pura Galaxia, trazaría no chán un ronsel de frotes. Si chegaban a trunfar soilo quería pr'a vellez o agarimo d'unha parroquia montesia. D'iste xeito o ensoño do seminarista identificábase c'o ensoño do herexe.

Sairan de viaxe, o Rosende pálido, ardente, visionario e metódico ó tempo, o Portocelos, curioso de novidás, priguizado, afundido n'un paganismo non confesado, o Maiño, gran comedor de mariscos e caldeiretas á mariñeira que misturaba un pouco o priscilianismo c'unha relixión ond'o folión, a mariñeira, o banquete e a esmorga con mozas garridas na playa escura, feran algun-

has das esenciais liturxias. Ó se despediren no pequeno peirao a doce Anxelina deulle ó Rosende un ramallo de xasmineiro. Seu pano acenaba, cem'as ás d'un branco paxaro ferido dend'a solaina do pazo. O Rosendo deixaba nos libros de señorina—os poemas d'Ossian, algúns románticos, Pondal—frolínas do xardín qu'il puxera ás escondidelas, entr'as páxinas.

Andiveron de riola e falaron con moitos eruditos. En Pontevedra un grande epigrafista de malo xenio por pouco lle fende a testa ó Vilasantar c'un anaco de canicelo suevo, cando o apóstolo lle fixo o sermón. Despoixa socegouse e aconselloulle que se deixara d'andrómenas, e s'adicara ó estudo dos camiños romanos, «necessario» dicíalle con certa sorna «pra coñecer o espallamento do priscilianismo». Nos baños de Mondariz achegouse a iles un creguño sabeo e novo, curioso e inquedo, mais aixiña s'arredou d'iles por chegar a data das oposiciós a unha canonxia. N'Ourense tiveron boa acollida por parte d'un paleógrafo notavel e pacenzudo, mais como tiña a manía do xudaismo i-era fillo obediente da Eirexa prefirria o semita Sant-Iago ó ario Priscilián. Rubiron ó Santa Tecla, entón soilo sonado pol-a penitente romaxe. Foi o derradeiro dia ledo do seu apostolado e o derradeiro sol aquil que se mollaba no salgado misterio do Atrántico. Pois o día seguinte, na Guarda, a Policia agarrou ó Bernaldo Portocelos, fillo de familia recramado pol-os pais e condenado de fixo a unha tempadía en Santa Rita. O Rosende i-o fidalgo, tristeiros, passaron a Portugal. Sin dúbida atoparián un clero menos romanizado e homes románticos, netos do Amadis. O papeliño azul d'un parte levou a nova da traxedia. Dicia craramente con certa crudelidade: a doce Anxelina afogarase nas augas da ría. Seu corpiño xurdiu n'unha rede pescantina comesto pol-os peixes. Desfeito pol-a door o fidalgo recompuxo deseguida a escea: a rapaza non poidera resistir ó remordemento do crime d'herexía d'ela, e de seu pai. En poucas horas branquearon os cabelos do fidalgo. Estivo calado tod'a unha mañán: cando faiou foi pra maldizoar ó Rosendo. O probe mozo fuxiu pol-as campías verdes, indefren-

tes. Nin sentía a fame nin'o abandono. Fuxía e fuxía, car'o sul, car'a Ponte do Lima, recollía algúnsa esmola das ceifeiras e na noite ouveaba ás estrelas com'un lobo. Adviñaba tamén a morte da nai. Por fin recoñerón polos camiños, ningún o recrámaba, e foi pechado nunha branca casa de todos á beira d'un branco areal onde estoupan, monótonas, as ondas do Océano. O Xacobe, seu irmao, véuno a visitare duas veces en tres anos. A terceira visita o Xacobe chegaba enloitado: a nai morrera. Entón, doorasamente, fixose a luz da razón no espírito do Rosende. Dado de alta polos médicos, cun viático pr'o camiño andivo, andivo, hastra albiscar entr'os cotos griseiros e as carballeiras outonizas as cumes frolecidas das torres de Sant-Iago. Axionllouse e non entrou na cibdade hastra a noite. Pasouna ó pé da porta Santa na friaxe de chuvia e vento da Quintana com'un probe farrapo caldo da Crús dos Pelegrinos. Cando abriron as portas rezou na coba do Apóstolo, regou de pranto as pedras, e pol-a media mañán, saiu pol-a Azabacheiria e sin ollar pr'os lados encamifouse a San Francisco. Foi ben recibido. E cando os frades lle trouxeron o per-

dón do crime d'herexía, pidiu licenza dinantes de tomar o hábito d'ir rezar dian'ta coba da nai n'aldea esquencida. Foi un frade homilde, exemplar. Pasaba longas tempadas en Herbón falando cos misioneiros vellíños que tecen esteras contando historias dos Santos Logares, pois a sua saúde decrebada precisaba de dozura d'aquíl aire temperán, ulente a magnolios e loureiros. Seu irmán Xacobe fa pasar moitas séráns co Fr. Rosendo Vilasantar. Fuxindo de toda gala de cencia e saber somentes fixo algunas misións en parroquias campesinas de moi to froito pois asegún os superiores sabia chamar no curazón dos labregos. Morreu ainda mozo, c'a soila door de qu'a pouca saúde lle non consentira facer a pelerinaxe da Terra Santa pra bicar aquila orela da mar de Galiza onde asegún o Evanxeo de San Mateu (IV-18): «E pasando (Xesús) mais adiante, viu a outros douis irmaos, Sant-Iago, o fillo do Zebedeo, e Xohan seu irman, na barca con Zebedeo, o pai d'eles, qu'estaban adrezando as redes, e chamounos: I-eles, deseguida, deixando a barca e o pai, seguiron a Il».

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

RESPOSTAS A UN CUESTIONARIO

FOLK-LORE DA ALDEIA DE CANEDA,
CONCELLO DE MONFORTE
DE LEMOS

(proseguimento)

CONTADO DO DEABLO (sic).—Unha vez era un rapaz e iba salir ó fiandón de noite, y-a mai dixolle que non salise, que de noite andaban cousas malas polos camiños, que lle había de salir o deablo c'unhos dentes regañados e muy grandes. O rapaz non fixo caso e saléu, mais cando iba no camiño en-

controu un home que lle preguntou pr'an-d'iba, y-el dixolle qu'iba ó fiandón; entón dixolle: Agarda por mí que vamos xuntos tamén eu vou pr'áló, qu'os douis xuntos non temos medo.

Esperouno, e despoxio indo polo camiño contoulle tod'o que lle dixo a mai, y-o chegar ás palabras dentes muy grandes, sáelle o home: «Y-el son istessss...?» O home desapareceu, y-o rapaz cavilando de si seguiría o camiño ou volverse pra casa, seguío camiño y-alá mais adiante viu unha muller que andaba collendo berzas n-un horto, y-o chegar eli dicell'a muller:—Pr'ande vas?—

Vou a tal sitio ó fiandón.—Agarda, replecou a muller, que ando collendo estas berzas pra levar mañá a vender, y-ademais son unha muller e teño medo, y-entr'os dous nono teño. Así foi, despois indo xuntos polo camiño o rapaz contoulle tod'o que lle dixerá a mai y-o que lle pasara antes no camiño, que vira un home cos dentes muy grandes e regañados, y-ó punto sáelle ela:—«Y-éi son istessss...?» O rapaz quedou vasqueado co medo, y-encanto volvou en si pensou seguir o camiño ou volverse pra casa, e despois por fin volvouse pr'anda mai e contoulle tod'o que lle pasara, y-ela dixolle:—Y-eu non cho dixen? Y-o rapaz nunca volver salir de noite.

COSTUMES DA XENTE.—As comidas son: o almorzo, o xantar, a merenda y-a cena.

As horas da comida non son fixas; os labregos comen á hora que poden; pouco mais ou menos, o almorzo é ás nove da mañá, o xantar entre as doce y-as duas; a merenda ás cinco, y-a cena entr'as oito y-as nove da noite. Nesta aldeya, como nas veciñas cómese pan centeo, patacas, carne, fabas, fréxoles, millo, etc.

Nos días de festa cómese cabrito asado, garabanzos, arroz, etc. e toda crase de dulces.

Os traxes que leva a xente a deario son case todos de pana y-outras telas que son propeas pr'andar envoltas na terra; pero nas festas lúcense traxes como se poden ver por Ourense, Coruña, etc. En cambio noutro tempo usab'a xente pantalós de picote, camisas de lenzo caseño, chaquetas d'estopa, etc., esto nos homes, y-as mulleres sayas de picote, mantelas, rofaixos, denques, etc.

As casas son de pedra. Os pisos son de madeira, táboas e vigas de castiñeiro; os tellados son case todos de tella e lousa y-algús de palla.

Anexos das casas son: a palleira, as bodegas, cortes, etc. As palleiras son de parede hast'a altura de dous metros, d'ell arriba son de *grades* ou sea paus que desd'a parede van dereitos ó *treito* ou tellado e sirven pra facilitar a ventilación. As bodegas son covas metidas na terra c'unha ou duas por-

tas. As cortes son pequenas casarellas, pero a maior parte están dentro das casas.

FESTAS DO ANO.—No dia do Ano Novo hay a costumbre de celebrar unha media festucha. No Entroido acostúmbrase a comer muitos chourizos e lambonadas, celebrar festas, ruas e romerías; a xente disfrázase, véstese con trapos, hasta con palla.

O dia de San Xuan acostúmbrase a noite anterior, andar os rapaces polas carreiras e collar das casas carros, arados e portas, etc., e levalos a lugares donde se podan ver, como o campanario da iglesia, o atrio, etc.

O día do Natal acostúmbrase a celebrar gran festa e estar de noite de vela, ir á misa do galo, etc.

O dia do Santo Patrón, niste pobo celébrase gardándolle dia santo, y-a noite anterior hai a costumbre de facer unha gran fogueira no centro do pobo hasta o dia. (1)

XOGOS DOS NENOS E DOS MAIORES.—Os xogos dos nenos son: a *billarda*, que consiste en dous paus, un mayor d'unhos 80 centímetros de largo y-outro menor d'unhos 15, iste ponse na terra, e co outro dáselle un golpe qu'o fai saltar, e unha vez no aire pégasselle outro que fai marchar a billarda a certa distancia; vai un pequeno, coll'a billarda e tira facendo a puntería ao palán que está tendido no suelo, si lle dá ten il a mán e volve poñer a billarda na terra e fai o que fixo o outro; pero si non lle dá, entónces o que ten a mán donde caiu a billarda vai e pégalle un golpe, dous ou tres, mais non, e si pode tirala ben lexos co palán, tira; despois midense os paus qu'hai desde donde está hasta o lugar donde

(1) Esta reminiscencia das fogueiras rituais atópase moi basta en Galiza. Olles as fogueiras de San Juan en tantos lados, a fogueira do San Sebastián, no Castro de Caldelas (Vicente Risco, *O Castro de Caldelas*, en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, vol. I), a fogueira que se faga ás unhas das motas ou máimicas do Monte Albañ, en Sabariz (Rafael de Vigo), os ritos do folión, estudiados por Murgia en *Galicia* (colección *España y sus Monumentos*, Barcelona, 1888) e no vol. I da *História de Galicia*, etc. En col de caito, ritos e superstición relacionadas co lume, compre ver tamén: Jesús Rodríguez López, *Supersticiones de Galicia*, p. 118-121, e Carré Aldao no volume da *Provincia de La Coruña de Geografía del Reino de Galicia*, da Editorial Martín, de Barcelona. Relacionase isto todo con antigos ritos célticos, que mencionan entre outros muitos. S. Reinach en *Geographie. V. R.*

foi tirada, si hai vintecatro paus, ganou, sinón volve facer o mesmo desd'un principio, pero contando os paus que ten d'atrás.

Os xogos dos maiores son: a baraxa.

RÉXIME DA PROPIEDÁ.—É hereditario de pais a fillos. Dos fillos casados, o mais vello é o que queda cos pais, os outros despoxos que se casan teñen que buscar medio de vivir hasta que morren os pais, que se fan as partixas e cada un leva o que lle toca excepto o casado na casa que ese ade más do que lle toca levanta unha grácea qu'os pais lle deixan pola asesténcia.

D'ista aldeya pouca xente marcha ás Américas pois gracias a Dios todos teñen mediana fortuna e teñen que comer se queren traballar. O difeiro qu'os fillos qu'están na América mandan ós pais, estes teñen obligación de volverlllo cando llo pidan.

RELIXIÓN.—Nesta aldeya os santos a que a xente lle ten mais devoción é o San Antonio, San Roque, San Pelayo, etc.

O San Antonio é abogado de todos os males e invócase en todas as calamidades. Ó San Roque téñelle moita devoción porque fai muitos anos houbo por estes pobos unha gran enfermedá polos rapaces, morrian moitos; esta enfermedá eran as vexigas. Xuntáronse sete parroquias y-entre elles Monforte de Lemos, donde está un documento que fixeron, facendo voto e promesa de terlle misa cantada todos los anos o decaseis de Agosto e non comer carne nese dia; a enfermedá desapareceu de repente y-o documento inda se observa hoxe.

Pra alcanzar os favores dos Santos rezan-se moitas oraciós, ó San Antonio sobre todo o responso de San Antonio.

CONTOS DE DIOS.—Conta algunha xente que Dios cando fixo a muller ou millor dito cando a iba facer, tiña unha costrela do home (Adán), veu un can e comeuella. Entón botou Dios a correr trás do can, atrachouelle unha fouce e cortouelle o rabo, e despox fixo a muller d'il; e por eso é moi fre-

cuente oír decir qu'as mulleres son feitas do rabo d'un can.

Cóntase de Jesucristo que cando andaba por o mundo, encontrou un ferrador de mullos, que se tiña pol-o millor da comarca; passou Jesucristo e dixolle: —Buenos días, maestro. O ferrador contestou: —Maestro de los maestros. Jesucristo pra facerlle ver que non era maestro dos maestros, colleu e cortouelle a pata ó mulo, levouna ó cepo, ferrouna e volveuella pegar. O ferrador que veu esto, foi e cortouelle il outra e ferrouna, pero nona pudo pegar.

De San Pedro cont'a xente que unha vez andando con Jesucristo encontraron un inxamio d'abelias, Jesucristo dixolle qu'o collera debaixo d'un brazo; San Pedro fixo todo, mais cando iba andando, mordeuno unha, apretou a brazo e matou as outras todas. Jesucristo qu'o reprendeu dicindolle: —Tu te quejabas porque yo por diez habitantes destruí una ciudá, y tu por una abeja, que te mordió, mataste las otras todas.

BIBLIOGRAFIA DE FILOLOGIA, ETNOGRAFIA E FOLKLORE

Os cantos do Natal e o sentimento religioso popular, por Afonso Duarte, en *Presencia*, n.º 23, Coimbra, Dezembro 1929.

Folk-lore e Os cantos do Natal e o Teatro religioso em Portugal, do mesmo autor en *Seara Nova*.

Volkundegeographie der Netze des Kürischen und Frischen Haffes, por W. Mitzka; *Fliegen-und Mottenfeste*, por E. Maas e H. Kügler, en *Zeitschrift für Volkskunde, Neue Folge*, Band I, N.º 2, Berlin e Leipzig.

I cognomini indigeni del Friuli; I fuochi dell'Epifania, por Giusseppe Biasutti, en *Cefastur*, de Udine, Dezembre 1929.

Ein Märchen aus dem Kt. Tessin; Volks-tümliches aus der Talschaft Samnaun, por S. Leouhard Loetscher, en *Schweizer Volks-kunde*, Basileia, ano 19, núms. 10 e 12.

NÓS tén no prelo o libro por Castelao
Cincoenta homes por dez reás

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

L I B R O S

ÍNDICE DE UTOPIAS GALLEGAS,
por CORREA CALDERÓN, Biblioteca
de Estudios Gallegos, Madrid,
C. I. A. P. 1929.

Este o quinto volume da «Biblioteca de Estudios Gallegos» que dirige o noso colaborador Alvaro de las Casas, e de cuios restantes volumes publicados, témonos ocupado eiqui.

Correa-Calderón danos n-iste volume, un índice, mais que de nada das suas inquedanzas de galego do noso tempo, co pensamento posto de cote na Terra, e disconforme con moitas cousas qu'outros pensan en col d'ela.

O méreto principal do libro—d'unha variedade moi grande de materia e de puntos de vista—está, ao noso ver, en recoller unha chea d'aspeutos da vida galega e do seu porvir, e enxergar cada un d'iles coma un problema: a paisaxe, a historia, a politeca, a economía, a agricultura, o turismo, a gran cibidade, a cultura galega, o romantismo, o ensenho, etc., etc., todo elo ven presentado por Correa Calderón, non ao xeito d'erudito nen de técnico, senón ao xeito d'ensaista, com'unha dualidade trágica. Tradición ou progreso? Racialismo ou universalismo? Ruralismo ou urbanismo? Estética ou economía? Romantismo ou clasicismo?... E así pradiante. Resolve Correa Calderón estas antíteses? Moitas veces, sí. Semella incrinado de feito ao progreso, ao industrialismo, ao urbanismo, ao universalismo; mais a maior parte das veces, outra lle queda dentro, e resólvese con fonda saudade d'aquello que quer sacrificar. Despois de todo, sen esta tensión, sen iste dinamismo, qu'iba ser de Galiza? Que tarefa iban ter diante as novas geracións galegas?

As soluciós, coma o tídeo do libro ven in-

dicar, son moitas veces utópicas e recuadas demais no futuro; outras veces son d'imediato preticismo. O que non sempre son justos son os juizos en col da obra feita. Mais isto tamén é bá, no senso dinámico, que é despois de todo o que mais nos intresa. E temos por riba de todo que loubar sen reserva a fonda preocupación polos problemas de Galiza que revela o libro e o saludábel esforzo pra decatarse de todos iles e de cada un e pra os prantexar con crarezza.

CARTILLAS DE ARQUITECTURA ESPAÑOLA. — I. Arquitectura Prehistórica, por J. DE M. CARRIAZO. 16 páxs. e 24 láms.— II. Arquitectura Romana, por A. GARCÍA BELLIDO. 25 páxs. e 30 láms.— III. Arquitectura Cristiana primitiva, Visigoda y Asturiana, por E. CAMPS CAZORLA. 20 páxs. e 28 láms.— IV. Arquitectura Califal y Mozárabe, por E. CAMPS CAZORLA. 32 páxs. e 30 láms.— Madrid, 1929.

BAIXO a dirección do notable arquitecto D. Pablo Gutiérrez Moreno comenzou a funcionar en Madrid unha entidade que co nome de «Misiones de Arquitectura» ten o laudable propósito de vulgarizar os problemas da Arquitectura y-a Arqueología española. O primeiro dos meios de leval-o a práctica foi a publicación de unha serie de Cartillas das que xa se puxeron á venda os catro primeiros tomos cuios títulos e autores deixamos sinalados máis enriba.

Nelas espónense con un lenguaxe claro e conciso as características da Arquitectura española dende as primitivas construcciones dolménicas ata as enxebremonte peninsulares dos tempos medioevales. Singularmente no estudio dos diferentes estilos que enchen a Edade Media esbózase a teoría de un arte tipicamente español cuas duas manifestacións principais, a asturiana y-a mozárabe,

foron «afogadas en xermen polas influencias alleas do século XI.»

Estas Cartillas venen a cubrir unha necesidade hai tempo sentida, contribuindo ó es-pallamento de coneccementos ata de agora reservados a especialistas e cuja vulgarización é conveniente pra millor contribuir a conservazón y o respeto que merecen as obras de arte.

Felicitamos os xóvenes autores que así saben simultaneas a laboura investigadora co a non menos importante de poñer ao alcance da xente non iniciada as outas verdades científicas, e confiamos en que non se farán agardal-as outras cartillas que faltan pra completal-a serie proyectada.

X. R. F.

REVISTAS

A FOUCE, Bos Aires, II xeira.

ASociedade galega «Pondal», que en Bos Aires sostén valentemente a bandeira do galeguismo integral, na sua forma mais nídia e mais aguda, comenza a sacar novamente *A Fouce*, que coma lembrarán os nosos leitores, pubricouse já hai tres anos, coma órgao da I. N. G.

Volve agora *A Fouce* con mais alentos e cunha intema seguranza no trunfo do ideal. Nela atopamos ben atinadas ouserxacións, rexia doutríña, argumentazón cincuida.

Colaboran: A. Zapata García, Domínguez, Vicente Barros, M. Oliveira, Liño Pérez, M. da Presa e Bieito Carballo.

Encabeza e preside a imaxe d'Eduardo Pondal.

Ocupase do labor do Seminario d'Estudos Galegos, das *Pelerinaxes* d'Otero Pedrayo, e da geira dos notabilísimos gaiteiros de Soutelo de Montes, que tan brillantes trunfos obtiveron na América.

NÓS saúda cordialmente *A Fouce*, e aplausa sen reserva a sua orientación.

NÓS

AN OALED, Carhaix (Bretagne)
4.º trimestre 1929.

SUMARIO: *Le Gorsedd du Huelgoat*.—*Poèmes recités au Gorsedd digor*, de Kaled-voulc'h, Talhouarn, Abalor, Telen Aour, Ab Grall, Gwiomarc'h, Eostik Kerne.—*Le Tournoi de Luttes interceltiques et le Gorsedd de Cornwall britannique*.—*Le Congrès des Bleus Brug à Douarnenez*.—*Le Congrès de l'Union Révolutionnaire Bretonne à Hennebont*.—*Echos et Nouvelles*.—*Le Salut d'un Gallo*, par C. Bouix.—*Un Recteur «voué»*, par Ives Berthou.—*L'Industrie de la Pêche*, par Y. Fournis.—*Histoire de la Boucherie bretonne*, par Mossel.—*Bibliographie*, par F. J.

1.º trimestre 1930.

SOMMAIRE: *Hent ar gwir Vars*, gant L. He- rieu.—*Deviz laret en Huelgoat*, gant Gwenfredi.—*Gouel Gorsedd Breiz*, gant Kaou Tosser.—*Gouel an Trodrouc'h*, gant Ab Sulio.—*Une amourette de héros*, pre-mier acte, Dr. H. Dubois.—*L'abbé Joachim Guillôme*, Abbé P. Le Goff.—*Histoire de la Boulangerie bretonne*, A. Morel.—*L'Indus-trie de la Pêche en Bretagne*, Y. M. Fournis.—*La Nation et la Race*, Jean Le Fustec.—*Les Vedettes de chez nous*, Lagadec.—*Chapelles bretonnes*, Madeleine Desroseaux.—*Echos et Nouvelles*.—*Questions et Recherches*.—*Bibliographie*, F. S.—*Le Maître du jour du Jugement*, Leo Perutz.—*Theophile Guyomarc'h*.—*A propos de Ledau*.—*Disques Bretons*.—*Les Grands Sanctuaires de Bretagne*.

BOLETÍN DE LA SOCIEDAD CAS- TELLONENSE DE CULTURA,
1930, cuad. I.

SUMARIO: *La creu dels lleonets de la catedral de Tortosa*, J. Gudiol.—*La cerámica alcoriense del Desierto de las Palmas*, P. Ramón de María.—*El comercio catalán en Sicilia bajo la dominación aragonesa*, Rosario Flaccomio.—*La obligación (dro. foral valenciano)*, Honorio García.—*Fret* (poesía), B. Artola i Tomás.—*El «Libre de Privilegios*

de Catí, Joan Puig.—*Colección de Cartas pueblas*, Vicente Segarra.—*Exposición morellana de arte*, Manuel Milian Boix.—*Notas bibliográficas, etc.*

REVISTA DE CATALUNYA,
Juliol, 1929.

SUMARIO: Leandre Cervera, *Panell Istrati*.—A. Rovira i Virgili, *Siluetes de Catalans*.—F. Valls i Taberner, *Notes sobre el duel judicial a Catalunya*.—Xavier de Salas, *Damíà Formet i el monestir de Poblet*.—*Notules*.—*Cróniques Catalanes: L'Art per Joan Sacs*.—*Periódics i Revistes*.

Agost, 1929.

SUMARIO: A. Rovira i Virgili, *El oficis de les mans*.—F. Valls i Taberner, *La llegenda de Guifré el Pilós*.—Ricard A. Latcham, *Montserrat*.—Emili Ludwig, *La fugida del Kaiser*.—A. Duran i Sampere, *Els broceters de Barcelona*.—*Notules*.—*Cróniques Catalanes: La història i l'Erudició*, per Ferran Soldevila.—*Les lletres*, per Domènec Guansé.—*El Teatre*, per Prudenci Bertrana.—*L'Art*, per Joan Sacs.—*Periódics i Revistes*.

A NOSA TERRA, Xaneiro, 1930.

SUMARIO: *Ao decorrelar os días*.—*Enxebrisimo ó ríves*, Ramón Otero Pedrayo.—*Bon Ani-novo, irmans!* Vicente Risco.—*Otero Pedrayo na Academia*.—*A Estadea vingadora*, Manoel Gulin.—*Falscas*, Victor Casas.—*A restauración d'Oseira*.—*A prensa de Galicia e os libros galegos*—*Follas novas*.—*Lecturas*.—*O certame de Montevideo*.—*Unha vila exemplar*.

Febreiro 1930.

SUMARIO: *Ao decorrelar os días*.—*O celta sin nome*, R. Otero Pedrayo.—*O movemento da mocedad na India*, S. N.—*A parroquia ideal*, Froito Touza Sergude.—*Nunca se debe perder a esperanza*, Corona González.—*Do momento*, Victor Casas.—*Politeca*, Vicente Risco.—*Crudelidade*, Manuel Gulin.—*Lecturas*.—*Manuel Antonio*.—*Diante*

a cova de Pascual Veiga, Manuel Leiras Pulpeiro.—*Latricadas*, T. de A.

BOLETIN DE LA REAL ACADEMIA
GALLEGA, Dbre, 1929.

SUMARIO: *Iglesias antiguas de Galicia*: *San Juan del Cachón*, Angel del Castillo.—*Los tesoros de la torre y fortaleza de Anseán*, M. Vázquez Seijas.—*Don Francisco María de la Iglesia (Apuntes para su biografía)*, Fr. Gumersindo Placer López.—*Letras de Luto: Don Antonio Losada Díaz*, M. Emmanuel Contamine de Latour.—*Sección oficial*.—*Noticias*.

GALICIA CLINICA, Febrero,
1930-Cruña.

SUMARIO: *La Real Academia de Medicina Coruñesa*, Dr. Gutiérrez Moyano.—*La Medicina de los deportes*, Prof. Dr. Royo Vilanova.—*Los trastornos nerviosos en las anemias*, Dr. Pérez Hervada.—*A la hipertonia del simpático, su tratamiento*, Dr. J. de Iruegas.—*Las curvas de glucemia provocada en las neuritis y polineuritis*, Dres. Jaso y Outeirido.—*Otorreas y sus peligros*, Dr. Planas de Castro.—*La eritrose-dimentación según Westergren: un dispositivo sencillo para su aplicación por el médico práctico*, Dr. F. Beato.—*Dermatología*, Dr. Sicilia.—*Hebros escogidos*.—*Notas sueltas*.

BROTÉRIA, Fevereiro 1930, Lisboa.

SUMARIO: *Espanha e América em Sevilha*, Domingos Mauricio.—*A Menoridade de D. Sancho II*, Luis G. de Azevedo.—*O labor científico da Academia das Ciências de Lisboa (1779-1929)*, J. S. Tavares.—*A aviação de relance*, M. de Montefreixo.—*Alguns deveres do clero*, F. Jombart.—*Notas e factos*, Serafim Leite.—*Revista de Revistas*.—*Subsídios para o Vocabulário Português*, João Serafim Gomes.—*Notas bibliográficas*.—*Obras referidas*.—*Esemérides*.

O INSTITUTO, Coimbra, 4.^a Serie
vol. 7.^o Num. 4.

SUMARIO: *A defensa das glórias nacionais no estrangeiro*, António Barbosa.—*Terra de Santa Maria, Civitas Sanctæ Mariæ*, Aguiar Cardoso.—*Impressions de Genève*.—*L'Arbitrage en Peril devant la Société des Nations*, Charles Dupuis.—*Valor lógico a floculação na anafíloxia*, Manuel Joaquim Costa.—*Em volta do processo das Tavoras*, Luiz T. de Sampaio.—*O 4.^o Congresso Internacional de Arqueologia*, Vergílio Correia.—*Libros recibidos*.

Num. 5.

SUMARIO: *Ensaios sobre o confisco de bens na guerra*, José d'Almada.—*Esbóço étiopathogénico de algumas doenças*, Manuel Joaquim da Costa.—*The origiu of Konkani language*, Santona Rodrigues.—*Subsídios para a História da música em Portugal*, Sousa Viterbo.—*A guerra de Sucessão no distrito de Bragança*, Cândida Florinda Ferreira.—*A Heraldica e a Genealogia*, Armando de Matos.—*Parisi Cataldi Siculi*.—*Proverbia*, Guido Battelli.—*El Niño Jesús de Cebú y la Primera Cofradía Religiosa de Filipinas*, Alfredo Gummá y Martí.—*Boletim do Instituto*.—*Revistas o publicações periódicas*.

NÓS

EUSKO-IKASKUNTZA'REN DEIA
tercer trimestre 1929, San Sebastián.

BOLETIN de la Sociedad de Estudios Vascos, en compañía d'un prospeto das publicazós da Sociedade.

BULETIN DU MUSÉE BASQUE
Bayonne, 1929.

SOMMAIRE: Ph. Veyrin, Wentworth-Webster.—D. Spain, *Deo usages mortuaires en Soule*.—*Les chateaux historiques du Pays Basque Français*.—*Notices pour un Catalogue*.—A. Constantin, *Du Théâtre des Champs-Elysées au Pueblo Español de Barcelona*.—H. Lauwick, *La Fête de Paris*.—*Une fête basque à Paris*.—*Le Liove d'Or*.

REVISTA DE CATALUNYA,
Sepbre, 1929.

SUMARI: A. Rovira i Virgili, *Democracie i Corporativisme*.—F. Valls-Taberner, *Notes sobre el «Consolat de Mar»*.—Ferran Soldevila, *Unes sessions de la Cambra dels Lords en 1714*.—Ambrosi Carriou, *L'escriptor i el poble*.—*En la mort de Pere Vidal*.—Nótales.—*Croniques Catalanes: La història i l'erudició*, per Ferran Soldevila. *Les Lletres*, per Domènec Guansé.—*L'Art*, per Joan Sacs.—*Periòdics i Revistes*.

Imp. NÓS, Linares Rivas, 50. A CRUÑA

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA e FARMACIA

Pereira, 19 — OURENSE — Teléfono 28

NÓS pubricazóns galegas e imprenta
Linares Rivas, 50 A Cruña

Están a venda

NOVELAS

ESTEBO, por Xosé Lesta Meis	3'50 ptas.
OS SEÑORES DA TERRA, por R. Otero Pedrayo . . .	2'50 "
A MAORAZGA, por > > > . . .	2'00 "
O ESTUDANTE, por * * * . . .	2'50 "
O PORCO DE PÉ, por Vicente Risco	3'00 "
VASILVEIRO, por Gonzalo López Abente	2'50 "

TEATRO

A TOLA DE SOBRÁN, por F. Porto Rey	0'80
TRÍPTICO TEATRAL, por A. Villar Ponte	3'00
MARIA ROSA, por Gonzalo López Abente	1'20
O BUFÓN D'EL REI, por Vicente Risco	0'80
A MORTE DE LORD STAÜLER, por A. de las Casas	1'20
A LAGARADA, por R. Otero Pedrayo	0'80
O MARISCAL (Lenda Traxica en verso) por R. Cabanillas e A. Villar Ponte	1'00

P O E S I A S

DE CATRO A CATRO, por Manuel Antonio †	1'50
CANTIGAS E VERBAS AO AR, por Xulio Sigüenza . . .	2'00
O GALO, por L. Amado Carballo †	3'00
NEMANCIOS, por G. López Abente	2'50
ORBALLO DE MEDIA NOITE, por R. Blanco Torres . .	2'00
A VOLTA DO BERGANTIÑÁN, por X. San Luis	0'50
PROEL, por L. Amado Carballo †	3'00
1.º TOMO DAS OBRAS COMPLETAS de M. Leiras Pulpeiro †	3'00

V A R I A

SEGUNDO LIBRO DE COUSAS, por Castelao	3'00	*
GRABADOS EN LINOLEUM, por Xaime Prada	2'50	*
CONTO DE GUERRA, por Camilo Diaz	2'00	*
MARGARIDA A DA SORRISA D'AURORA, por E. Correa Calderón	0'50	*
HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA, por R. Villar Ponte .	5'00	*
DE MIN PRA VÓS, Contos por R. Carballal	1'00	*
COMO FALAN OS BRAÑEGOS, por A. Noriega Varela .	2'00	*
ARQUIVOS II DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS . .	3'00	*

V A N A P A R E C E R

CINCOENTA HOMENS POR DEZ REÁS, de Castelao
CONTOS DE KEN KEIRADES
ARREDEDO DE SÍ (novela), por R. Otero Pedrayo, e outros

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés 50
A CRUÑA,

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRABADO

Si quer qu'os seus fotogradados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todolos estabre-
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicinás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA
ÚNICO EN EL MUNDO**

1pta
PASTILLA



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
Fuentes de Gándara y Troncoso
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as
Boticas, Droguerfas,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagós-camas de
todol-os trés.

Estas augas, de sona universal son
o remedio enxebre e eficacísimo
cand'un quer combater o Artritismo,
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
diversas, doenzas do Aparello dixes-
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquisma auga de mesa
— gaseada naturalmente —

Mondariz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo